

SOLUCIONARIO ACTIVIDADES BIOLOXÍA 28/04/2020

- 1. Que é a biodiversidade da que falan no artigo? Defínea brevemente.**
Biodiversidade: conxunto das distintas especies de organismos, ecosistemas e recursos enerxéticos que existen na Terra.
- 2. Enuncia os 7 efectos do confinamento sobre a biodiversidade que se mencionan no artigo.**
 - Menos atropelos
 - Diminución do ruído
 - Preservación dos niños
 - Menor estrés por caza
 - Mellora das poboacións de peixes fluviais
 - Preservación da zona costeira ameazada
 - Posibilidade de que as migracións recalen en Galicia
- 3. Cal é o nome científico da píllara das dunas? *Charadrius alexandrinus***
 - a. A que xénero pertence este organismo? *Charadrius***
 - b. Fíxate na imaxe que aparece no artigo e responde:**
 - i. Cantas patas ten? 1 par de patas**
 - ii. De que ten o corpo recuberto? De plumas**
 - iii. Cal é o seu hábitat? Areas costeiras, zonas de dunas.**
 - iv. É vertebrado ou invertebrado? Xustifica a resposta. É vertebrado porque ten columna vertebral. Pertencen ao grupo das aves, polo seu peteiro e as plumas que recobren o corpo.**
- 4. No artigo falan sobre diferentes grupos de vertebrados, relaciona os seguintes nomes comúns co grupo de vertebrados ao que pertencen:**

a. Raposo: mamífero	1. Anfibio
b. Corvo: ave	2. Reptil
c. Troita : peixe	3. Ave
d. Persoa: mamífero	4. Peixe
e. Píntega: anfibio	5. Mamífero
f. Serpe: reptil	
- 5. Asocia cada característica da esquerda co grupo de invertebrados da dereita:**

a. Presenta catro pares de patas: artrópodos, arácnidos	d. Presenta no seu interior unha cavidade gastrovascular: cnidarios
b. Sofre metamorfose e no adulto presenta 3 pares de patas: artrópodos, insectos	e. Ten o corpo cilíndrico e rematado en punta: nematodos
c. Ten o corpo dividido en cabeza e tronco: artrópodos, miriápodos	f. Presenta sistema ambulacral para o seu desprazamento: equinodermos

- g. Ten unha cuncha formada por dúas pezas: **moluscos, bivalvos**
- h. Presentan unha boca rodeada de tentáculos: **moluscos, cefalópodos**
- i. É filtrador e ten o corpo cheo de ocos: **poríferos**

- i. Artrópodos:
insectos
- ii. Cnidarios
- iii. Poríferos
- iv. Moluscos: bivalvos
- v. Nematodos
- vi. Artrópodos:
arácnidos
- vii. Artrópodos:
miriápodos
- viii. Moluscos:
cefalópodos
- ix. Equinodermos